



- Publicación BOP aprobación definitiva.
- Publicación BOP aprobación inicial.
- Certificado acuerdo Pleno.
- Dictame Comisión.
- Proposta modificación Orzamento da Deputación.



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE LUGO

Anuncio

Resolución do 8 de abril de 2013 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no Concello de Lugo. (Nº expte:IN407A 2012/62-2-8031-AT)

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: BEGASA
- Domicilio Social: R/ CIDADE DE VIVEIRO, 4, 1º, 27002 LUGO
- Denominación: LIÑA DE MEDIA TENSIÓN SOTERRADA, ENLACE SUB. SAN CIBRAO-CR MERCEDES
- Situación: CONCELLO DE LUGO
- Características Técnicas:
 - LMTS en canalización existente (1285 metros) e proxectada (5457 metros) con orixe na subestación de San Cibrao e final no centro de reparto de Mercedes, composta por dous circuitos cunha lonxitude de 6950 metros cada un e conductor tipo RHZ1-400 mm AI.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta Xefatura Territorial

resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 8 de abril de 2013.- O xefe territorial, José Manuel Vázquez Leirado

R. 1562

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Aprobado definitivamente o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación do 2013, vía suplemento de crédito para redución de endebedamento, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resúmenes:

O Orzamento da Excm. Deputación Provincial, quedará resumido do seguinte modo:

Estado de GASTOS

Capítulo	Consignación actual	Modificación	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	24.842.451,87		24.842.451,87
II. G.TOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	19.689.229,53		19.689.229,53
III. G.TOS. FINANCEIROS	620.366,34		620.366,34
IV. TRANS.CORRENTES	20.360.175,04		20.360.175,04
VI. INVESTIMENTOS REAIS	46.220.723,40		46.220.723,40
VII. TRANS.CAPITAL	13.097.347,20		13.097.347,20
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	333.000,00		333.000,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	6.868.979,90	3.508.916,44	10.377.896,34
TOTAL	132.032.273,28	3.508.916,44	135.541.189,72

Estado de INGRESOS

Capítulo	Previsión actual	Modificación	Previsión final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	4.996.547,69		4.996.547,69
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	3.970.767,20		3.970.767,20
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	6.584.063,71		6.584.063,71
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	65.530.867,76		65.530.867,76
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	880.000,00		880.000,00
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	20.000,00		20.000,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	17.454.174,41		17.454.174,41
8. ACTIVOS FINANCEIROS	32.595.852,51	3.508.916,44	36.104.768,95
9. PASIVOS FINANCEIROS	0,00		0,00
TOTAL	132.032.273,28	3.508.916,44	135.541.189,72

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, vinte e tres de abril de dous mil trece.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro. O SECRETARIO, D. José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1587

SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACION

Anuncio

COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario das TAXAS, do ano 2012, dos concellos que se relacionan no anexo, empezará a contar o día 25/04/2013 e finalizará o día 25/06/2013, ambos os dous incluídos.

O ingreso das débedas realizarase en calquera das oficinas das entidades de **NGC Banco S. A. (Novagalicia-EVO)** e "**La Caixa**" **CaixaBank SA**, en días laborais, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina das entidades bancarias e realizarán, igualmente, o pagamento.

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das oficinas de **Novagalicia Banco** e **CaixaBank SA**, "**La Caixa**" cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nestas entidades.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de construximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Anuncio

Aprobada polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de marzo de dous mil trece, a modificación do Orzamento da Deputación Provincial de 2013, vía suplemento de crédito para redución de endebedamento, exponse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de 15 días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado

Lugo, vinte e sete de marzo de dous mil trece.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1188

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS**Anuncio**

Téndose intentado notificación, ás persoas que a continuación se relacionan, sobre remate da vixencia da póliza de asistencia sanitaria complementaria e non obrigatoria que se ven prestando pola compañía aseguradora ADESLAS, ao persoal funcionario xubilado da Deputación de Lugo, antes do 31 de decembro de 1993, e non sendo posible a práctica da mesma no domicilio que figura nesta Deputación de Lugo, poñemos no coñecemento das persoas interesadas que o 31 de abril de 2013 remata a vixencia da citada cobertura e deberán deixar de requirir servizos de ADESLAS a partir do 1 de abril de 2013.

Igualmente comunícaselle que deberán pórse en contacto coa Unidade de Administración de Persoal do Servizo de Recursos Humanos co fin de facilitar o enderezo actual a fin de poderse practicar as comunicacións que se poidan requirir no futuro.

As persoas que deben atender a este requirimento son as seguintes:

- Dolores Andrade Rodríguez
- Lucía Borrego Vázquez
- Ángel Castro Cobas
- Josefa Cupeiro Real
- María Fariñas Moreiras
- Susana Fernández de Gabriel
- Dolores Rodríguez Rodríguez
- Teresa Santos Fernández
- Juan Manuel Seijas López
- Josefa Seijas López
- Ángeles Vigil Palicio
- María Sagrario Villalba Otero
- Luisa Villanueva Guisasaola
- José Yanes Valcárcel

Pazo provincial de Lugo, 22 de marzo de 2013.- O Presidente PD. Decreto 2228/2012, de data 18 de xullo, Lara Méndez López, Vicepresidenta 2ª

R. 1164

CONCELLOS**BECERREÁ****Anuncio****EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**



fecha: LUGO **5 de abril de 2013**
unidad de origen: **SECCIÓN DE ACTAS**
asunto: **Remite certificación acuerdo do Pleno de 26-03-2013**
destinatario:



Servizo de Intervención

Remito certificación do acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de marzo de dous mil trece, relativo a **“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE 2013, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA REDUCCIÓN DE ENDEBEDAMENTO”**.

**O SECRETARIO,
P.D. A XEFA DA SECCIÓN DE ACTAS.**



DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, Secretario Xeral desta
Excma. Deputación Provincial de Lugo,

C E R T I F I C O: Que o Pleno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de marzo de dous mil trece, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE 2013, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA REDUCCIÓN
DE ENDEBEDAMENTO.**



Dáse lectura ó ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que dí o seguinte:

“Visto o expediente de modificación do Orzamento da Deputación Provincial de 2013, vía suplemento de crédito para redución de endebedamento.

Tendo en conta o sinalado no art. 177 do TRLRFL, nos arts. 35 a 38 do R.D. 500/90 de 20 de abril, art. 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sotenibilidade financeira, no R.D. 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locales, e nas bases 6 e 33 de execución do Orzamento Xeral de 2013. Vistos así mesmo os informes dos Servizos desta Excma. Deputación proponse ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito, co seguinte detalle:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
0110.913	Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fora do sector público	3.508.916,44 €

Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	3.508.916,44 €

2º.- Disponer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

O Pleno da Corporación, por maioría, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Lugo a cinco de abril de dous mil trece.

Vº. e Prace
“O PRESIDENTE
 P.D. Decreto nº 2228/2012, de 18-07-2012
A VICEPRESIDENTA,

Asdo: Lara Méndez López”



COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

DICTAME

Vista a Proposta da Presidencia en relación co punto epigrafiado "**1. Proposta de modificación do Orzamento da Deputación Provincial de 2013, vía suplemento de crédito para redución de endebedamento**", A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, co voto en contra dos Sres. Deputados, D. José Pardo Lombao, D. José Manuel Mato Díaz e D. José Manuel Gómez Puente, representantes do Grupo Provincial Popular, dictaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ó Pleno para a súa aprobación, se procede.

Pazo Provincial de Lugo, a 21 de Marzo de 2013.

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
PLENO
Sesión do día 21 MAR. 2013
CUMPRASE:
Y PRESIDENTE
RD Decreto nº 228, 2012, de 14-03-2012
AVICEPRESIDENTE
Aprobado por: 
APROBADO:
O SECRETARIO 



- 
- Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2013, vía Suplemento de Crédito para redución de endebedamento

(Pleno marzo 2013)



Informe-propuesta de Intervención

Asunto: Modificación orzamentaria para redución de endebedamento

1. Aprobada a liquidación do Orzamento da Deputación e do INLUDES para 2012 por resolución da Presidencia de 18 de febreiro de 2013 e avaliada a estabilidade orzamentaria resulta unha capacidade de financiamento positiva de 3.508.916,44 € na Deputación e 718.063,86 € no INLUDES.

Segundo o artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (en adiante LOE), no suposto de liquidación orzamentaria con superávit, este destinarase a reducir o endebedamento neto.

A base de execución nº33 do Orzamento de 2013 regula o destino do remanente de tesourería e dispón a orde de prioridade de financiamento do gasto, indicando "En todo caso, aplicarase a reducir o endebedamento neto conforme ó artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira".

2. Procede polo exposto, amortizar anticipadamente operacións de crédito ata o importe de **3.508.916,44 €** o que require unha modificación orzamentaria que suplemente a aplicación 0110.913 "Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fora do sector público" no dito importe, financiada co remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

3. En relación co anterior emítase o seguinte informe:

a). O artigo 177 do R.d. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), os artigos 35 a 38 do R.d. 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo 1º do título VI da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos (en adiante R.d. 500/90) e a base nº6 de execución do Orzamento Xeral 2013, regulan as modificacións de crédito, mediante as cales se asigna crédito (consignación orzamentaria) para a realización dun gasto específico e determinado que non se pode demorar ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito ou o existente é insuficiente.

b). O gasto deberase financiar con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

c). A normativa de estabilidade orzamentaria está constituída pola LOE e o R.d. 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (en adiante REO), en todo aquilo que non se opoña ao previsto na LOE.

O artigo 16.2 do REO require informe da Intervención local sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade que se incorporará ao previsto (entre outros) no artigo 177.2 do TRLRFL, referido á aprobación de modificacións orzamentarias mediante créditos extraordinarios e suplementos de crédito.



Neste suposto, o Orzamento Xeral da Deputación 2013 cumpre co principio de estabilidade orzamentaria segundo o informe de Intervención unido ao expediente do Orzamento coa data 19 de novembro de 2012, e se mantén a estabilidade coa presente modificación, xa que a amortización de débeda é un gasto financeiro, e na estabilidade reflíctense os gastos non financeiros.

d). Segundo a regulación do citado expediente é necesario a seguinte tramitación:

1º. Serán incoados por orde do Presidente da Corporación.

2º. A proposta deberase acompañar dunha Memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar:

- A clase de modificación a realizar.
- Aplicacións orzamentarias ás que afecta.
- Medidas e recursos que a financian, e acreditar:

Carácter específico e determinado do gasto a realizar, e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

A inexistencia ou insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica.

Se o medio de financiamento se corresponde con novos ou maiores ingresos sobre os previstos, que o resto dos ingresos veñen efectuándose con normalidade, salvo que aqueles teñan carácter finalista.

3º. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida ao Pleno da Deputación, e rexerán os mesmos trámites e requisitos que para os orzamentos.

5. O órgano competente para a aprobación inicial da citada modificación é o Pleno da Excm. Diputación segundo o artigo 33.2.c) da Lei 7/85 e o artigo 177.2 do TRLRFL.

Lugo, 15 de marzo de 2013,

A INTERVENTORA,

Rosa Abelleira Fernández



Incoación

Pola presente, ordéase a **incoación** de expediente de modificación orzamentaria vía suplemento de crédito polo importe de 3.508.916,44 €, para amortizar anticipadamente operacións de crédito ata o dito importe, financiandoa con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Lugo, a 18 de marzo de 2013.
O PRESIDENTE

José Ramón Gómez Besteiro



Memoria

Asunto: **Modificación orzamentaria para reducción de endebedamento.**

Visto informe de Intervención do 15 de marzo do ano en curso, confecciónase a presente memoria, xustificativa da modificación orzamentaria vía suplemento de crédito, no Orzamento da Deputación para 2013.

A xustificación do presente expediente ven dada pola aplicación do artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (en adiante LOE) ao obter superávit orzamentario na liquidación do Orzamento 2012 da Deputación polo importe de 3.508.916,44 €, debendo aplicarse á redución de endebedamento neto.

A consignación orzamentaria será insuficiente para a execución da amortización anticipada na aplicación 0110.913 "Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fora do sector público", debendo dotarse o crédito no actual Orzamento 2013, debendo financiarse con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, segundo prevé a base nº33 de execución do Orzamento 2013.

A xustificación da imposibilidade de demorar a execución ata o ano seguinte ven derivada pola propia LOE.

En resumo, a modificación consiste en:

Suplemento de Crédito:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
0110.913	Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fora do sector público	3.508.916,44 €



Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	3.508.916,44 €

Lugo, a 18 de marzo de 2013.
O PRESIDENTE,

José Ramón Gómez Besteiro



Proposta

Asunto: **Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2013, vía Suplemento de Crédito para redución de endebedamento**

Visto informe de Intervención, Incoacción e Memoria, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito, co seguinte detalle:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
0110.913	Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fora do sector público	3.508.916,44 €

Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	3.508.916,44 €

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao



público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Lugo, a 18 de marzo de 2013.

O PRESIDENTE,

José Ramón Gómez Besteiro



**Ao Ilmo. Sr. Presidente,
INFORME de INTERVENCIÓN:**

**Asunto: Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2013, vía
Suplemento de Crédito para redución de endebedamento**

Vista proposta de modificación, memoria e informe que anteceden, a que suscribe emite o seguinte informe:

En relación á modificación proposta de suplemento de crédito, a lexislación aplicable é a contida no artigo 177 do TRLRFL, os artigos 35 a 38 do R.d. 500/90, de 20 de abril, artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, no R.d. 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, e na base nº6 e 33 de execución do Orzamento Xeral 2013. Ao parecer da que suscribe, a proposta de modificación axústase a ditas normas.

Lugo, a 18 de marzo de 2013,

A INTERVENTORA,